

17 maio 21h30  
auditório TAGV  
duração aprox. 1h10  
M12

TEXTO, ENCENAÇÃO,  
ESPAÇO CÉNICO, VÍDEO  
Ricardo Correia

INTERPRETAÇÃO  
Cláudia Carvalho,  
Fábio Saraiva, Luís Pedro Madeira,  
Matilde Fachada, Ricardo Correia

MÚSICA E DESENHO DE SOM  
Luis Pedro Madeira

APOIO AO MOVIMENTO  
Rita Grade

DIREÇÃO TÉCNICA  
E DESENHO DE LUZ  
Diogo Marques

OPERAÇÃO TÉCNICA  
Diogo Lobo

FOTOGRAFIA  
Carlos Gomes

REGISTO VÍDEO  
Amândio Costa Bastos

DESIGN  
Joana Corker

CABELEIREIRO  
Ilídio Design by Carlos Gago

DIREÇÃO TÉCNICA, FIGURINOS  
E PRODUÇÃO  
Casa da Esquina – Associação  
Cultural

ESPETÁCULO COM A CUMPLICIDADE  
DO COMITÉ DISSONANTE  
Jorge Louraço, Nuno Lucas, Sónia  
Ferreira, Vanesa Sotelo

COPRODUÇÃO  
Cineteatro de Estarreja; ACERT  
(Tondela), Teatro Académico  
de Gil Vicente (Coimbra)

A Casa da Esquina é uma  
estrutura apoiada e financiada pela  
República Portuguesa — DGArtes  
e Câmara Municipal de Coimbra

## CARTAS DA GUERRA (61—74)

Ricardo Correia

A partir de testemunhos de ex-combatentes da Guerra Colonial Portuguesa (61-74), bibliografia temática, com a cumplicidade da Odisseia de Homero e ChatGPT

Um filho, no tempo presente, 2023, escreve uma carta ao pai em 1972. Um diálogo com cinquenta anos de atraso. Um filho que procura o seu pai com os seus 20 anos. Uma odisseia sobre a Guerra Colonial Portuguesa.

Apoiado na mobilização do seu pai na Guiné-Bissau entre 72 e 74, bem como na investigação de Joana Pontes sobre 13 anos de correspondência entre militares mobilizados para a Guerra Colonial e seus familiares que ficaram em Portugal, e uma ampla bibliografia temática, esta investigação da correspondência da Guerra trocada à época, que revela o que ficou nas entrelinhas e escapou à censura do regime fascista português – as lacunas, subjetividades e silêncios de uma Guerra que ainda hoje continua guardada dentro de cada um.

## TESTEMUÑAS DE NÓS MESMAS

O primeiro contacto que tiven co proxecto *Cartas da Guerra (61-74)* foi a través da lectura solitaria do texto e foi radicalmente emocionante. Cando lin por vez primeira a carta ao pai que constitúe a primeira escena quedei absolutamente paralizada, fóra do tempo por completo. No fondo, ese é o gran poder das cartas: o de ofrecernos un tempo paralelo para a detención do mundo, a reflexión e a análise; un pouco, como fai o teatro. E con ese xogo no que mestura xogo escénico e xénero epistolar, Ricardo Correia organiza un dispositivo que permite dialogar co irreversible e dirixirse a un pasado por escribir dentro dun acto profundo de amor que, atendendo ás músicas de Chico César, é sempre un acto revolucionario. Na carta que lle enviei a Ricardo en marzo de 2023, previa á estrea do espectáculo escribín: “Non podo deixar de pensar na idea da carta como un dos grandes inventos da humanidade para suspender o tempo, acurtar distancias e crear refuxios paralelos cando a realidade é imposible de asumir. Así, a carta é unha forma de facer da espera algúns tipo de esperanza. E así parece que foi empregado durante a guerra colonial portuguesa como manobra perversa por parte do Movemento Nacional Feminino. Mais o interesante é ese lugar no de a caridade desaparece e, no seu lugar, irrompe a humanidade”.

No libro *O infinito nun xunco. A invención dos libros no mundo antigo*, a escritora Irene Vallejo explica que quen le, co libro aberto entre as mans se dedica a unha actividade misteriosa e inquietante: “Estás en silencio, percorrendo coa vista fileiras de letras que teñen sentido para ti e che comunican ideas independentes do mundo que te rodea agora mesmo. Retirácheste, por dicilo así, a un cuarto interior onde che falan persoas ausentes, é dicir, pantamas visibles só para ti, e onde o tempo pasa ao compás do teu interese ou do teu aburrimiento. Creaches unha realidade paralela parecida á illusión cinematográfica, unha realidade que depende só de ti. Ti podes, en calquera momento, afastar os ollos destes párrafos e volver participar na acción e no movemento do mundo exterior. Pero entretentres permaneces á marxe, onde ti elixiches estar”. Con pasaxes coma esta, Vallejo lembra que antigamente non existía liberdade da que gozamos agora para ler ao noso gusto as ideas escritas no texto, para interromper ou abandonar e crear os propios universos e guía a nosa mirada sobre como chamaban a atención as primeiras persoas en ler en silencio, en conversa muda coa persoa que escribe: “Eses lectores xa non están ao noso lado malia a súa



MORADA  
Praça da República  
3000-343 Coimbra

BILHETEIRA  
Online: [tagv.bol.pt](http://tagv.bol.pt) (e lojas fnac)  
Bilheteira: segunda e terça,  
17h00—20h00  
Em dias de evento abre uma hora  
antes e fecha até meia hora depois.  
Encerra aos sábado, domingos e  
feriados.

TELEFONE  
239 855 630

EMAIL  
[teatro@tagv.uc.pt](mailto:teatro@tagv.uc.pt)

FACEBOOK:  
[@TeatroAcademicodeGilVicente](https://www.facebook.com/TeatroAcademicodeGilVicente)

INSTAGRAM:  
[@teatroacademicodegilvicente](https://www.instagram.com/teatroacademicodegilvicente)

gran proximidade física, senón que escapan para outro mundo más libre e fluído elixido por el, está a viaxar sen se mover e sen lle revelar a ninguén onde atopalo". Ao recuperar toda esa correspondencia e levala a escena co espectáculo *Cartas da Guerra (61-74)*, Ricardo Correia fixo audible o conxunto de soidades padecidas e ofrece para a lectura en colectivo a historia dunha época chea de lagoas e silencios. Como pode un país silenciar a súa guerra colonial? Como é posible organizar as voces da experiencia vivida? E é así como gaña forza a importancia do teatro como lugar de (re)coñecemento, como organizador de testemuños. Así é como o teatro se insire na historia e a historia se insire no teatro. Así é como se fai posible un "diálogo entre un pai e un fillo con cincuenta anos de atraso".

No seu artigo "Alegorías de la actuación: el actor como testigo", o investigador Óscar Cornago fala do artista como testemuña de si mesmo e de como a testemuña fala porque hai algúen que non pode falar por si mesmo. A sucesión de cartas e testemuños, a selección de arquivos que nos permiten achegarnos a unha etapa da historia de Portugal xunto coa maleta paterna pechada como gran metáfora da viaxe interxeneracional que presenta o espectáculo, permite achegarnos a un ser colectivo vivinte cheo de silencios que fala polo que el mesmo deixou escrito á espera de que un novo ser falante os asumise. Así, os soldados que foron para unha guerra sen saber por que razón ían á guerra falan a través do elenco no coro de soldados que é a escena 2; a xeración de mulleres que ficaron á espera falan a través de elenco na escena 3; todas as maletas que regresaron pechadas ábrese con elocuencia ao longo da peza presentando non só algunas das súas experiencias senón ofrecendo a posibilidade de seren escoitadas. E a potencia do espectáculo como dispositivo de testemuños acada o seu valor máximo cando asume o risco de convidar a subir a escena para compartir mesa a ex-combatentes e familiares de ex-combatentes presentes no público, abrindo a participación directa e asumindo o risco de que o real e o non previsto entre en escena. Durante a representación do 31 de marzo de 2023 no Teatro Académico Gil Vicente tivemos a oportunidade de escoitar as voces emocionantes, elocuentes e perfectamente complementadas de Albertina -viúva e irmá de ex-combatentes- e de Valdemar Augusto -ex-combatente -que denunciaron a falta de atención recibida no seu regreso así como a falta de sentido da guerra e como a experiencia traumática condicionou para sempre a súa vida.

Por último, resulta tan efectivo como afectivo o feito de que non cheguemos a coñecer o contido da maleta da historia que guía as *Cartas da Guerra (61-74)*. Este feito permite introducir unha última referencia como é o título *Loin de moi*, de Clément Rosset no que o autor rescata un pequeno gran momento que fala sobre as nosas expectativas para coas historias. Rosset presenta a anécdota que se sitúa na mesa de traballo dunha imprenta na que podemos observar un sobre en cuxo exterior a mensaxe "non abrir" incita á súa apertura. Curioso por coñecer o contido do sobre, un dos seus funcionarios procede a abrir a carta e o que atopa no seu interior non son más que tarxetas que reproducían a mesma mensaxe que se podía ler fóra: "non abrir". Talvez esta é a imaxe que regresa unha e outra vez con esta proposta: hai cousas propias que non poden ser explicadas ao resto na súa inmensididade aínda que un dos seus grandes valores é coñecer que existiron.

*Cartas da Guerra (61-74)* é, como anuncia Ricardo Correia, un diálogo con 50 anos de atraso entre un pai e un fillo, unha odisea sobre guerra colonial portuguesa, un tempo para o intercambio da memoria entre xeracións e un espazo para expor as feridas das guerras que continúan en cada interior e que deberían alertar de todas as batallas que non cesan fóra.

Hoxe e sempre: cultura contra a barbarie.

Hoxe e sempre: paz e liberdade.

Vanesa Sotelo

Cangas do Morrazo, 29 de decembro de 2023

